



Concello de Betanzos
Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529

web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>
e-mail: correo@betanzos.net

ASUNTO: Lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as para a creación dunha de persoal laboral temporal para o posto de conductor da barca municipal, grupo IV do Concello de Betanzos

EXPEDIENTE: 2023/E001/000035

ANTECEDENTES

PRIMEIRO. Informe de necesidades do Concelleiro de Turismo, de data 01/03/2023

SEGUNDO. Providencia de inicio do Concelleiro de Persoal de data 01/03/2023

TERCEIRO. Informe de secretaría de data 03/03/2023

CUARTO. Resolución Nº 529/2023 de data 08/03/2023, de aprobación de bases que deben rexer o proceso selectivo para a creación dunha bolsa de persoal laboral para o posto de conductor da barca municipal.

QUINTO. Publicación das bases da convocatoria no BOP nº51 de 15 de marzo de 2023.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación aplicable ao asunto é a seguinte:

- O texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado polo Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.
- O Real Decreto 896/1991, de 7 de xuño, polo que se establecen as Regras Básicas e os Programas Mínimos a que Debe Axustarse o Procedemento de Selección dos Funcionarios de Administración Local.
- Os artigos 130 e seguintes do Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en Materia de Réxime Local aprobado polo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril.
- O Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado polo Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo.
- Os artigos 21.1.g) e h), 91 e 100 a 102 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local.
- Os artigos 51 e 53 da Lei 3/2007, de 22 de marzo, para a Igualdade Efectiva de Mulleres e Homes.

CONSIDERACIÓNS

PRIMEIRA. De acordo co establecido na base 5ª das bases que rexen o procedemento: 5ª ADMISIÓN DE ASPIRANTES:

“Rematado o prazo de presentación de solicitudes, o Sra. Alcaldesa-Presidenta, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos e excluídos, e publicarase no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos, <https://sede.betanzos.gal>.

Se houbera aspirantes excluídos, indicárase a causa de exclusión, concedéndose un prazo de cinco (5) días para os efectos da presentación de reclamacións. As reclamacións, se as houbera, resolveranse na resolución que aprobe a lista definitiva, a cal se publicará do mesmo xeito que a provisional.

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

Se non houbera reclamacións contra a lista provisional, quedará elevada de xeito automático a definitiva, sen necesidade de nova publicación.

Nesta resolución definitiva figurará a composición do tribunal e a data do comezo do procedemento selectivo. Posteriormente a alcaldesa declarará aprobada a relación definitiva de admitidos e excluídos, publicarase no BOP de A Coruña, no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica do Concello de Betanzos <https://sede.betanzos.gal>.

Entre a publicación desta listaxe definitiva e a data de celebración do primeiro exame transcorrerán polo menos tres (3) días.

Os sucesivos anuncios, agás disposición en contrario, publicarase no Taboleiro de anuncios do Concello e no da Sede Electrónica <https://sede.betanzos.gal>."

Por todo o indicado considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación inicial pola Alcaldesa de conformidade co artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar de forma definitiva a seguinte relación de aspirantes admitidos:

APELIDOS E NOME	DNI
Núñez Vázquez, Fernando	***85 10**
García Martínez, Marcos Manuel	***8110**

SEGUNDO- Proceder ao nomeamento do Tribunal Cualificador que xulgará dito proceso selectivo o cal estará composto polos seguintes membros:

Presidenta titular: Susana Barral Vázquez. Funcionaria do Concello de Betanzos.

Presidenta suplente: Daniel Pereiro Cachaza. Funcionario do Concello de Betanzos.

1º Vogal titular: Áurea Picado Brea. Funcionaria do Concello de Betanzos.

1º Vogal suplente: Teresa Morales Segade. Funcionaria do Concello de Betanzos.

2º Vogal titular: Rafael Fraga Varela. Funcionario do Concello de Betanzos.

2º Vogal suplente: Elena Encinas Pena. Funcionaria do Concello de Betanzos.

3º Vogal titular: Francisco Fernández Iglesias. Funcionario do Concello de Betanzos.

3º Vogal suplente: Matilde Vázquez López. Funcionaria do Concello de Betanzos.

Secretario: Diego Fortes González. Funcionario do Concello de Betanzos.

Secretario suplente: Adrián J. Márquez Caramés. Funcionario do Concello de Betanzos.

TERCEIRO.- De acordo co establecido na base 6ª das bases que rexen o procedemento: "O tribunal, por medio do seu presidente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores



Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax; 981 776 529

web: www.betanzos.net

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: correo@betanzos.net

especialistas para as probas coas labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valer-se de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.", noméase como asesor especialista a Olga Costa González, con DNI 53482587C.

CUARTO.- A constitución do Tribunal terá lugar o día 13/04/2023 ás 9:30 na Sala de Xuntas do Edificio Liceo, do Concello de Betanzos

QUINTO.- O primeiro exercicio da fase de oposición terá lugar o día 13/04/2023 ás 10:00 horas no Embarcadeiro do Paseo da Tolerancia, Concello de Betanzos, lugar hora e data nas que as persoas admitidas deberán comparecer co seu D.N.I. ou documento acreditativo da identidade equivalente.

SEXTO. - Publicar a relación definitiva de admitidos/as e excluídos/as na sede electrónica deste Concello.

Betanzos, na data que figura no marxe

A Alcaldesa

María Barral Varela

O Secretario

Adrián J. Márquez Caramés

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE